



ALUMNADO

- Actuar sempre acordo coas indicacións profesorado e non deberá seguir iniciativas propias.
- O alumnado ao que o profesorado lle encomendou unhas funcións concretas, responsabilizárase de cumprilas e de colaborar co profesorado para manter a orde do grupo.
- Non recoller os obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.
- O alumnado que ao soar o sinal de alarma atópanse nos aseos ou noutros locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberá incorporarse con toda rapidez ao seu grupo. Si se atopa noutra planta, incorporárase ao grupo máis próximo que se atope no momento da saída. E posteriormente incorporárase ao seu grupo no punto de reunión dando aviso.
- Todos os movementos deberán realizarse de présa, pero sen correr, sen atropelar nin empuxar os demais
- Non deterse xunto as portas de saída.
- Os simulacros deberán facerse en silencio e con sentido da orde e axuda mutuos, para evitar atropelos e lesións, axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas.
- A evacuación realizarase respectando o mobiliario e equipamento escolar e usando as portas co sentido de xiro para o que están previstas.
- No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que dificulte a saída na evacuación, será apartado polo alumnado, se fose posible, de forma que non provoque caídas das persoas ou deterioración do obxecto.
- En ningún caso o alumnado deberá volver atrás co pretexto de buscar irmáns menores, amigos ou obxectos persoais, etc.
- En todo caso, os grupos permanecerán sempre unidos, sen disgregarse nin adiantar a outros, mesmo cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, con obxecto de facilitarlle ao profesorado o control dos mesmos.

